

PROPOSTA DE ACTIVIDADES DE TITORÍA.

VISITA EDUGAL O 10 DE OUTUBRO DE 2025.

OBXECTIVOS:

- ... Coñecer as posibilidades de formación despois da ESO e do BAC.
- ... Obter información sobre graos universitarios e ciclos formativos.
- ... Observar, experimentar e compartir con outros alumnos e alumnas de outros centros que nos explican as súas experiencias.

CONTIDOS:

- ... Oferta educativa formal e non formal de Galicia.
- ... Información específicas sobre estudos universitarios e formación profesional.

TAREFA:

Visita a pe desde o centro a Feira EDUGAL 2025, SENDA A PE a cargo da titora e docente de educación física, que aproveitaremos para gozar da nosa ría, do parque das esculturas e mellorar a nosa saúde cardiovascular.

Na visita, o alumnado terá tempo libre para visitar os stands de toda a feira. De todos eles, terán como reto recoller información física dun mínimo de **tres graos universitarios** de tres campus galegos diferentes, e de **tres ciclos formativos** de familias profesionais distintas.

Nunha segunda titoría, implementarán unha ficha segundo o modelo achegado (Anexo 1: Tarxetas), de cada unha das ensinanzas, buscando en internet a información da que non dispoñan. As tarxetas as podemos compartir na aula virtual nun dos nosos cursos, ou derivalos a que as descarguen no curso de orientación educativa, na pestana oríentate, no cartafol da última entrada.

Unha vez rematas todas elas, as compartirán coa clase. Elixindo unha de cada ensinanza para a creación dun mapa de estudos universitarios e outro de formación profesional. No caso de que o alumnado investigue sobre estudos de ensinanzas de réxime especial, faremos un terceiro mural de ditas ensinanzas.

NOTA: no caso de dúbida coa pregunta da ficha: A que máis che gusta (referíndonos á profesión, require ter formación complementaria profesionalizante? Podemos explicarlle o exemplo do Grao de Medicina: para se médico especialista é necesario superar o MIR, preparando este exame durante uns meses, dependendo da nota, se solicita especialidade, accedendo a formación concreta da especialidade que vai de catro a cinco anos. Sen MIR non pode traballar no servizo público nin presentarse a oposicións. Outro exemplo é Grao en dereito, para ser abogado, se require ter o grao en dereito, superar o máster de acceso á abogacía e procura, e superar o exame de acceso a abogacía convocado polo Ministerio de Xustiza.

Espero que o pasedes ben coa actividade. Moitísimas grazas pola vosa colaboración.